Creo que ya le dije que durante la estancia del otro embajador de Méjico aquí, no pisé la embajada, me molestaba la presencia de estos y sus conferencias. Hace unos días me llamó Gómez porque tenía allí unas revistas que me enviaron de Cuba<sup>80</sup> y no conseguí que me las mandase a la E. de España, ni a mi departamento (no sé cuál será este secreto que los cubanos les interese más enviármelas a la de Méjico que a mis otras direcciones). Gómez me dijo que parecía mentira que no hubiera vuelto más por allí. Fui a buscarlas y saludé a Liñero<sup>81</sup> que me dijo era muy amigo de Ud., me invitó a comer y hablamos de cosas múltiples. Hace unos días estuvo en mi casa Cosío Villegas, le pregunté si venía a tomar posesión del puesto de diplomático de ministro pues en esos días se fue él de aquí, me dijo que no, que solamente a cuestiones intelectuales. Este fue ministro en Lisboa cuando yo pasé para embarcar para B.A. Alfonso ¿qué pensarán los cornudos ingleses de la "guerra civil" Española, de la no injerencia ahora que tienen las bombas encima? Alfonso, les recuerdo mucho. Recibo a la aristocracia porteña con sombrero<sup>82</sup> puesto en casa pues hoy por Florida y Santa Fe ninguna pituca lleva sombrero, ¿recuerda aquel día en el Rex que quise entrar con gorra de *chauffeur* porque no me dejaron entrar en el cine sin sombrero? El otro día lo dije en una comida de González Laraño<sup>83</sup> que me decían no diga... no diga... Ortega G. les dijo el año pasado que la sociedad argentina era un conglomerado humano, pero Ortega y yo somos los únicos intelectuales que nos invitan en sus casas, a pesar de no llevar yo sombrero. Algunas noticias privadas y públicas le diré que me enteraron. Me dijeron que Toño y Carmele están por separarse pues ella a vuelta de su viaje se enteró que se entiende con Margot Parquer<sup>84</sup>. Raul G. Tuñón<sup>85</sup>, estando gravísima Amparito, vino a proponerle el divorcio para irse con una chilena, Amparito estaba en la agonía. María Luisa Bombal<sup>86</sup> le pegó un tiro en el vientre a uno de sus primeros amantes en Chile, porque dice que fue él que le quitó la virginidad (parece que ahora la echa de menos). La Rubia de Rojas Paz<sup>87</sup> y Teresa León, parecidas por dentro y por fuera, son madres de familia; la Rubia dice como somos grandes agarramos así para que nos mantengan. Todas estas mierdas las contaban el otro día en casa de M. [*Pr...m*]

No se si soy española y no entiendo estas cosas (¿qué lastima haya perdido el tiempo en contárselas!). M. Correa está en Chile. Si cuenta esas cosas no diga que las sabe por mí. Recibí carta de M. Nelken<sup>88</sup> ¿La conoce? ¿Qué le parece? Le envió unas fotografías mías de Uruguay, Punta del Este que es un sueño. Alfonso, quiero sus noticias. Ah, otra cosa, R. Callois<sup>89</sup> dejó Victoria Ocampo, llegó su amante de Francia con su hijo. Alfonso, un millón de abrazos de su gran amiga.

Maruja

Abrazos a Manuelita y nietas, edúquelas mal.

En este momento me llama Sayons<sup>90</sup> para decirme que me vendió un cuadro, y me dice que estuvo comiendo en su casa en Méjico, y que Delia esta atontada y desmejorada ¿Le pasa algo malo con Neruda?

\*\*\*

*México D.F., 29 Julio 1941*

Mi querida Maruja:

Gracias por su carta del 16 y por todas sus noticias. Algunas esperadas y otras imprevistas. Lo mejor es saber que está usted ya buena y trabajando. Daría cualquier cosa por ver su obra actual. Puesto que ve usted a José Ortega<sup>91</sup>, le agradezco mucho que le asegure de mi constante y firme recuerdo. Comparando ambientes, veo que en Buenos Aires pasan demasiadas cosas de carácter privado. Aquí solo pasan cosas públicas. Casi no hay que contar. Pronto le escribiré más detalladamente. Abrazo de Manuela y otro mío.

Alfonso Reyes

\*\*\*

*México D.F., 20 Octubre 1941*

Maruja Querida:

Gracias por esa foto en que se aprecia el conjunto de tu obra y tu pequeña y grande persona.

Solo tengo tiempo de mandarte un abrazo en nombre de ambos.

Alfonso Reyes

\*\*\*

*Buenos Aires, 15 Abril 1943*

Querida Manuela y Alfonso:

Hace años poco más o menos que nada se de vosotros, esto me tiene muy extrañada, ¿qué hacéis? ¿Qué es de vosotros? En enero de este año os envié la segunda edición de Losada sobre mi obra con textos en español e inglés, creo que la habréis recibido.

Si no fuera por la guerra os hubiera hecho una visita este año, estas vacaciones pasadas, pero me fui a Montevideo Punta del Este.

Necesito saber de vosotros, ¿qué españoles veis? Hace unos días estuvo E. Mallea<sup>92</sup> aquí y me dijo que no tenía noticias vuestras. ¿Manuela qué es de ti? ¿Alfonso qué es de ti?

Un abrazo con deseo de saber de vosotros.

Maruja

Trabajo intensamente.

\*\*\*

*México D.F., 5 Junio 1943*

Maruja querida:

Nos llegan de tiempo en tiempo tus cartas, tus fotos, las revistas con artículos sobre tu admirable e intenso trabajo. No hacen falta para que te tengamos siempre presente. Muchas veces me voy a soñar en que te veo andar por mi biblioteca, a esa hora de la atardecida en que nos poníamos a conversar después de un día de labor. No te extrañe nuestro silencio y lacinismo. Solo hay tiempo de trabajar.

Un abrazo muy cariñosos de toda mi casa.

Alfonso Reyes

\*\*\*

*Buenos Aires, 25 Agosto 1945*

Queridos e inolvidables Manuelita y Alfonso:

Creerán Uds. que me olvidé, pero esperaba tener 5 minutos para escribirles.

Este año pasé el verano por la extraordinaria costa del Pacífico de Chile, donde fui a tomar documentales para los muros de un edificio público de aquí. Son las armonías plásticas que realicé para el cine "Los Ángeles", monumento

ar-quitectónico en Callao y Corrientes. La fachada es de vidrio como pueden ver en *La Nación* que les envío, y es que los 3 muros que están en el vestíbulo se ven desde la calle y es como una exposición permanente e internacional. Las dimensiones son 6'75x4; son tres las superficies que realicé, una medida cada una de ellas.

Me acordé mucho de Uds. en el descuanageringado Chile, a humanidad me refiero, como naturaleza es extra y esa travesía en avión por la Aconcagua inolvidable. Me hablaron con cariño de Ud. María y Marilú Correa.

¿Qué les voy a decir de esto? El libro y la cultura tomó un gran pulso que hay que esperar que se realicen las esperanzas que tenemos. De política ni hablar, aquí está Braden<sup>93</sup>, que tuvo un [...e]ntado.

Los coleccionistas y algún museo<sup>94</sup> han adquirido mis cuadros. Pero quiero saber de Uds. ¿A quiénes ven de Méjico?, si no hubiera anteriormente tanta intranquilidad les hubiera hecho una visita, conozco el sur de América por mis veranos, pero pronto podrán cambiar de rutas. ¡¡Quiero saber de Uds.!!

Un gran abrazo de  
Maruja

### 3. NOTAS Á EDICIÓN

1. Con *j*, como defendía Unamuno. AR dille a Arturo Camdevilla (Zañtzeff 2008: 133): “La ortografía oficial conserva la *x* por una coquetería arqueológico-lingüística (...) los conservadores han dado en México, actualmente, en la flor de preferir la *j*, y los liberales la *x*”. AR editou “México y Méjico” (*Boletín de la Academia Argentina de las Letras* 5/17, Buenos Aires 1937, pp. 280-282).
2. AR publicaba en *La Prensa* un máximo de dous artigos ao mes (Perea 1983: 31). En febreiro de 1939 dille a Henríquez Ureña que o moito traballo o obrigou a “suspender mis colaboraciones en *La Prensa* de Buenos Aires, pero pienso reanudarlas” (Lara 1983: 460).
3. *España Republicana*, con perfil netamente político, dirixiuna José Venegas e logo Blasco Garzón. Con frecuencia reproducíu artigos de *Noticias Gráficas* e de *Galicia de la Federación de Sociedades Gallegas*.
4. Embaixador español en México. Alí encargouse de mercar e enviar armas a España e da acollida dos refugiados. En 1941 entrou no Colexio de México e entre 1951-60 presidiu o Consello de Ministros da II República no exilio.
5. Xunto á sinatura, aparece un esquemático debuxo da escenografía para a *Cantata a la muerte de Federico García Lorca*, coa nota de MM: “Los milicianos brotan del trigo (la batalla del PAN). Lo tumbado es una guitarra”.
6. No diario de AR, o 11/02/1937, lese: “Ayer tarde, visita de Maruja Mayo, fugitiva de Vigo, con carta de Gabriela Mistral. Con ella González Tuñón y quiere irse a España ...” (Enríquez 2012: 86). Ao premio Nobel deulle unha carta de presentación para AR o 24/01/1937 (Vargas Saavedra 1991: 107).
7. Libro publicado na editorial *Sur* en 1937. Recolle as impresións das viaxes de AR por España nos anos vinte.
8. Alcume co que designa a Ramón Gómez de la Serna. Ademais dun texto en *Maruja Mallo*, editado por Losada (1942) baixo o coidado de Rossi, de la Serna escribiu “Nueva actualidad de Maruja Mallo” (*Atlántida*, maio de 1956).
9. Apelativo familiar da esposa de Felipe Jiménez de Asúa, encargado da legación española entre os embaixadores Diez-Canedo e Ossorio y Gallardo.
10. AR recolle no seu diario o 23/12/1937: “...comienzo de “La Casa del grillo” para *Atlántida*, colaboración que me arregló Maruja Mallo”, e o 10/01/1938 escribe: “Ayer acabé de copiar “La casa del grillo”, abandonada desde Madrid 1918 ¿Para *Atlántida*?” (Enríquez 2012: 153 e 162). En 1945, en México publica “La Casa del grillo”, en Costa-Amic (editorial do exilio catalán), libro que consta de nove episodios.
11. O maior continxente de nenos evacuados pola II República, recibíunos a URSS e México. Aquí instaláronos na capital de Michoacán, o estado natal de Cárdenas.
12. Blasco Garzón (1885-1954), foi ministro de Comunicacións e Xustiza e de 1936-39 cónsul xeral e presidente da “Oficina de Prensa al Servicio de la República Española” en Bos Aires; dela dependía a axencia de novas Prensa Hispánica e *España Republicana*.
13. Francisco Madrid (1900-1952), pertenceu á “Oficina de Prensa al Servicio de la República Española”; era o responsábel e locutor de “Habla Madrid” e director de *España, Revista de la Comisión Valenciana de Ayuda al Gobierno Republicano*.
14. Durante a II República Venegas foi un dos impulsores das eds. Oriente Cenit, Zeus, Jasón, Historia Nueva, etc., e corresponsal de *Noticias Gráficas*; xa en Bos Aires, colaborou coa editorial Losada, e fundou o Patronato Hispano-Argentino de Cultura. Escribiu *Los problemas del libro en lengua castellana* (1931), *Verdad, Mentira de Franco* (1938), un dos libros máis lidos polos republicanos, e *Problemas de posguerra* (1944).
15. O 04/04/1938 AR publicou en *Futuro* “Doctrina de Paz”, un coñecido artigo na órbita da “doctrina Estrada”.

16. Celebrouse o 18/02/1938 no hotel Ontario. *Letras de México* (1937-47), continuadora de *Contemporáneos*, visibilizou os novos valores e correntes do campo literario mexicano, abriuse a escritores de Latinoamérica, Europa e do exilio, malia publicar os epigramas “El pez que fuma” de Barreda e Villaurrutia, logo contestados por Bergamín. O número 25 do 01/03/1938 está dedicado a AR, con “Presencia de Alfonso Reyes” de M. Magdaleno na primeira páxina.
17. MM publicou “La Plástica” en *Universidad Obrera* (agosto-setembro 1936). Nel tamén se reproduce “El proceso pictórico de Maruja Mallo” de Enrique Azcoaga, antes limiar do catálogo da mostra de MM en ADLAN (1936).
18. A raíz da súa recitación por Mony Herme-lo (23/06/1937), a *Cantata...* publicouse baixo o coidado de Luís Seoane, a continuación (mais non completa) en *Letras de México* 20 (01/12/1937), e en Costa Rica, da man de García Monge, en *Repertorio Americano* 23 (18/12/1937). Logo acadou varias edicións. Reyes coñeceu a Lorca en 1921-22 por medio de Juan Ramón Jiménez con quen codirixiu *Índice*, revista na cal colaborou Lorca en tres dos seus catro números.
19. Para a súa fundación (1931) resultou decisivo Waldo Franc; de feito, íase chamar *Nuestra América*. Formaban o seu “Consejo extranjero” Henríquez Ureña, AR, Leo Ferrero, Drieu de la Rochelle, Ortega y Gasset, Jules Supervielle, Ansermet; e o “Consejo de colaboración” Borges, E. J. Bullrich, Gironde, A. González Garaño, Mallea, M<sup>a</sup> Rosa Oliver e Guillermo de Torre. *Sur* tamén contaba cunha editorial.
20. MM. “Lo popular en la plástica española (a través de mi obra)” (*Sur* 43, abril 1938, pp. 34-46). AR publicou en México “Lo popular en Góngora” o 01/06/1938 en *Ruta. Revista Mensual de Literatura* 1, dirixida por Mansicidor. O 11/02/1938, anota no seu diario que lle entregou a este a conferencia “Lo popular en...”, escrita en Bos Aires en 1937, para a revista da LEAR, e que agora Mansicidor a vai usar para unha revista en proxecto. Cando viviu en París, AR relacionouse con Foulche-Delbocs, experto en Góngora, e xa en 1927 Espasa-Calpe lle editou *Cuestiones gongorinas*.
21. A Universidade Obreira créase (1936) para formar os dirixentes da Confederación de Traballadores. A irmá de Lombardero Toledano, o seu presidente, casou con P. Henríquez Ureña, grande amigo de Reyes.
22. Nestas datas AR e Neruda mantiñan unha correspondencia sobre asuntos diplomáticos e culturais, que se custodia na “Capilla Alfonsina”.
23. Publicación cunha liña moi conservadora.
24. Ossorio y Gallardo sempre levou boa relación con “La Chata”, tía de Alfonso XIII, e non foi hostil á igrexa católica, institución con nulas simpatías por parte de AR e MM.
25. Salvador Martínez Mercado, conselleiro na legación mexicana desde xullo de 1937, ao marchar AR quedou como encargado, xa que este non cesou como embaixador ata 1939.
26. “Otra Maruja Mallo”, *La Nación*, Bos Aires 29/05/1938. Asinao Julio Payró, un prestixioso teórico e crítico da arte.
27. A representación da *Cantata en la Tumba de Federico Garcia Lorca* o 02/08/1938, contou con republicanos nos papeis principais e no da “garda de milicianos” (o coro).
28. *Cantata en la Tumba de Federico Garcia Lorca* estreouna en Bos Aires a compañía de Margarita Xirgu o 23/12/1937 con música de J. Pahisa, e repuxoa o 27 dese mesmo mes.
29. Suramericana e Losada. Esta fundouna un galego republicano amigo de MM. Nos comezos de Suramericana participaron varios membros do grupo “Sur”. EMECE fundárona (1939) os exiliados galegos Seoane, Cuadrado e A. de las Casas xunto con xudeus chileno-arxentinos; cos dous primeiros MM si tiña amizade, mais os Braun non formaban parte do círculo.
30. En México, Ramón Arana tirou do prelo *Ruedo Ibérico* (1944), antecesora de *Las Españas*, mais só acadou un número. En 1961 nace en París a editorial homónima.
31. Alude á misión especial que desenvolveu AR para vender petróleo mexicano ao Brasil.
32. En Chile nome vulgar dos mozos amantes da “dolce vita”. MM e AR, ambos de pequena estatura, sentían inclinación pola xente nova e leda.
33. Ante a guerra civil española seguiu a política de “non intervención” propugnada por Inglaterra e permitiu a actividade dos falanxistas en Arxentina.
34. Persoas fatuas, afectadas e moi preocupadas pola moda e as relacións sociais.
35. Embaixador de España en Bos Aires ata 1937. Enrique Díez-Canedo (1879-1944) colaborou en *La Pluma*, *El Liberal*, *El Sol* e en relevantes revistas mexicanas e do exilio. Foi membro do FCE e profesor na UNAM. É autor de obras como *Epigramas Americanos* (1928), *El Desterrado* (1940), *Letras de América* (1944), *Juan Ramón Jiménez y su obras*.
36. Lafora (1886-1971), descubriu unha enfermidade xenética que provoca demenza, cegueira e a morte en poucos anos. Traballou con R. Cajal e dirixiu o departamento de psiquiatría do Hospital de Madrid. En México foi profesor na UNAM.
37. José Gaos (1900-1969), contribuíu a reforzar o pensamento americanista con raíz na fenomenoloxía, que considera os pobos e o home froito da súa historia e cultura, da razón e do tempo, e cre que se constrúen en base á educación e ás linguaxes. Dedicoulle a AR *Antología del pensamiento de lengua española en la edad contemporánea* (1945).

38. Millares Carlo (1893-1980) antes de fuxir a México publicou *Los incunables de la biblioteca universitaria de La Plata* e *Contribución al "Corpus" de Códices visigóticos*. Xa alí *Nuevos estudios de paleografía española* (1941) e encárgase (1942) da Biblioteca Americana de Obras Latinas do FCE, na cal está a súa *Historia de las Indias* de Bartolomé de las Casas (1951). Foi profesor da UNAM e logo da Universidad de Zulia.
39. Moreno Villa (1887-1955), dirixiu o Arquivo do Palacio Real e con Navarro Tomás inventariou parte dos bens patrimoniais trasladados a Valencia. En México a súa plástica e a súa escrita evolucionaron cara a un realismo poético, e en *Cornucopia Mexicana* (1940) e *Lo mexicano en las artes plásticas* (1945) apréciase a súa integración nese país. É autor dun dos retratos máis coñecidos de AR, a quen xa ilustrou, en *Calendario* (1924) e *La saeta* (1931), e publicou en 1921 "Calleja y Alfonso Reyes" en *Hermes* (Madrid).
40. Genaro Estrada (1887-1937), foi embaixador en España e participou no plan de axuda aos republicanos. Fundou *Anuario Bibliográfico Mexicano* e *Archivo Histórico Diplomático Mexicano*, colaborou en *Contemporáneos*, *Hoy* e *México Moderno*, e publicou varios poemarios e ensaios sobre arte (*Genio y figura de Picasso*, 1935). A el débese a "doctrina Estrada", que defende a soberanía dos pobos fronte ás intervencións colonialistas.
41. Refírese ao devastador terremoto de Chillán en 1939.
42. En carta de 10/09/1938, Henríquez Ureña informa a AR da conformación das editoriais Losada e Suramericana. Referíndose ao interese do grupo Sur por dar pulo á súa editora, opina que, polo seu nulo sentido empresarial, "con Victoria no es posible hacer nada"; e engade: "A través de Vehils, parece que se ha infiltrado el franquismo; y ya empieza el veto para determinados autores. Eso no lo previó la muy dilettante (*sic*) Victoria que en estos momentos críticos se va a Europa probablemente con la intención de traer muchos derechos sobre libros" (Lara 1983: 451). Logo aclararalle que Vehils non entrou na editorial Sur.
43. *La Nación* 07/03/1939, Santiago de Chile. Tamén recolle declaracións de MM sobre os intelectuais republicanos.
44. No Casino Español os falanxistas celebraban reunións e festas. O 09/05/1939, o goberno mexicano decretou a disolución de Falange Española.
45. *El Universal* e *Novedades*. *El Universal* sacou unha das editoriais máis virulentas contra os republicanos o mesmo día en que AR escribe esta carta á pintora.
46. Siqueiros realizou en Bos Aires (1933) un mural na casa de Natalio Botana, xunto con Berni, Castagnino e Spilimbergo. Desta colaboración naceu o "Taller de Arte Mural", integrado por cinco pintores defensores do rol social da arte, cos que MM se relacionou moi pouco, malia o grande prestixio internacional de A. Berni e a ser galego M. Colmeiro.
47. Despectivo que recibían os vellos emigrantes españois que formaban a "antiga colonia".
48. Diego Ribera (1886-1957) era amigo de AR desde París. Coa súa muller Frida Kahlo, ocupou o núcleo do sistema plástico mexicano ata que J. L. Cuevas deu a coñecer en *Novedades* (1957) o manifesto "La cortina de nopal".
49. En 1940 gaña a presidencia Ávila Camacho, máis proclive que Cárdenas aos EEUU e menos aos refuxiados.
50. MM primeiro residiu cos González Tuñón, logo na embaixada de México (en Arroyo nº 820) e despois na embaixada de España.
51. A Casa de España forneceu a intelectuais republicanos os medios para continuar investigando, e a idea de creala partiu de Cosío Villegas (fundador e impulsor do FCE) co apoio de Narciso Bassols. Nos inicios atopamos nela a Gaos, Díez-Canedo, J. de la Encina, Xirau, A. Salazar, Millares Carlo, Lafora, Bal y Gay, León Felipe, Moreno Villa, I. Costero e L. Recasen. En 1940 pasa a denominarse Casa de México, e despois Colegio de México.
52. Boneca que se mercaba nunha exclusiva tenda da rúa Florida e contaba cos seus propios traxes, complementos, móbeis, etc. En 1933 os fabricantes de "Marilú" lanzou unha liña de roupa infantil que seguía a tendencia marcada polos vestidos da boneca.
53. Arxentina aplicou unha política de asilo moi restrictiva, sobre todo cos xudeus e os marxistas. Xulgaba os republicanos de "extranxeiros indesezábeis" e primou os vascos polos acordos coa poderosa comunidade de Euskadi asentada alí.
54. Losada editou *El hombre que fue jueves* (1938) con tradución e limiar de AR, en 1939 a tradución súa de *El candor del padre Brown* (Calleja fixérao en 1921) e o seu ensaio *Experiencia Literaria* (1942) con cuberta de Attilio Rossi.
55. Republicano que en Bos Aires fundou e dirixiu o Instituto de Filología e a *Revista de Filología Hispánica* (1939). Esta en 1947 pasa a ser publicada polo Colexio de México (dirixido por: AR, quen logo tamén dirixe a revista de 1953-59). Amado Alonso (1896-52), colaborou coa embaixada española de 1936-39 e foi chave na editorial Losada como asesor e responsable da colección Biblioteca de Filosofía e Teoría da Linguaxe. En 1946 marchou para a Universidade de Harvard fuxindo do peronismo. Del sinalamos *El problema de la lengua en América* (1935), *Poesía y estilo de Pablo Neruda* (1940) e *Ensayo sobre la novela histórica* (1942).
56. Fundou con Jiménez Caballero *La Gaceta Literaria* e colaborou en *Grecia*, *Ultra* ou *Revista de Occidente*. Como poeta, Guillermo de Torre (1900-1971) inscribíase no ultraísmo e en *Literaturas Europeas de Vanguardia* (1925) cuestionou a "literatura comprometida". En Bos Aires foi un crítico reputado, asesor de Losada e director de varias das súas coleccións.

- A súa muller Nora Borges ilustrou en 1929 *Fuga de Navidad* de AR.
57. Attilio Rossi (1909-1994), xunto con Seoane e Hermelin, renovou o deseño do libro en Iberoamérica. Foi director gráfico de Espasa Calpe (creou o anagrama da colección Austral), en Losada encargouse da diagramación, ademais de deseñar o logo da editora e varias coleccións. Borges e De Torre prologáronlle *Buenos Aires en tinta china e 10 dibujos de A. Rossi*. Escribiu “Maruja Mallo” en *Sur* 32 (maio 1937).
  58. Un dos representantes do americanismo crítico. Pedro Henríquez Ureña (1884-1946) foi profesor na UNAM, nas universidades de Minnesota e La Plata, e responsábel en Santo Domingo de Educación Pública ata que por desacordos con Trujillo retorna a Arxentina. Escribiu *Corrientes literarias en Hispanoamérica* (1945) e con Amado Alonso *Gramática Castellana* (1938).
  59. Nesta época está a pintar a serie “A relixión do traballo”.
  60. “Integración de la forma en las artes plásticas” (*Sur* 53, febreiro 1939). Trátase da conferencia que pronunciou na “Asociación Amigos del Arte” de Montevideo o 28/04/1937 e o 22/06/1937 na de Bos Aires.
  61. Na obra de Oliverio Gironde (1891-1967), o mundo moderno e o cosmopolitismo agroman pola visualidade e o son das palabras e das frases, ás que outorga semantividade afastada do seu significado e función convencional, sendo a súa lírica cerebral, irónica e próxima ao ultraísmo; así *Veinte poemas para ser leídos en el tranvía* (1925), *Interlunio* (1937) ou *Persuasión de los días* (1942). Colaborou en *Proa*, *Prisma* e *Martín Fierro*. Foi membro de *Sur*.
  62. Bibliófilo e coleccionista de arte, E. J. Bullrich pertenceu á denominada “Santísima Trinidad del petróleo argentino” e no eido cultural a *Martín Fierro* e *Sur*, sendo o autor do deseño desta revista. Xestionou os dereitos de Güiraldes, de quen AR y Evar Méndez publicaron *Seis Relatos* (1929) na editorial Proa.
  63. Un libro de Benjamín Jarnés (1888-1949) abriu a colección Nova Novarum (1926) da *Revista de Occidente*. A súa prosa mestura o gosto pola vida moderna e a metáfora co intelectualismo e o refinamento novecentista. *Teoría de Zumel* (1930), *Venus dinámica* (1943) ou *Constelación de Friné* (1944) afiázanos na vangarda narrativa. Tratou sobre MM en “Sobre una definición pictórica del hombre” (*La Vanguardia*, Barcelona 12/04/1931), “En cal viva” (*Literatura*, Madrid, outono 1934) e “Ceniza glorificada” (*Cartas al Ebro*, México, FCE-Casa de España, 1940, pp. 41-43).
  64. Ironía referida a Natalio Botana, o todopoderoso e pro-republicano director do xornal *Critica*.
  65. Provincia limítrofe con Salta, Tucumán e Santiago de Estero. MM pasou en Salta tempadas moi longas a partir de 1956.
  66. *Lo Popular en la plástica española a través de mi obra* (Bos Aires, Ed. Losada, 1939). Tamén en *Sur* (Bos Aires, abril 1938), en *Grafos* (A Habana, xaneiro-febreiro 1939) e en *Maruja Mallo* (Bos Aires, Ed. Losada, 1942).
  67. Discípulo de Ortega que creou distintas editoriais e colaborou en *Cruz y Raya*, *Hora de España* e outras revistas. Alfonso Rodríguez Adave, (1911-2008) era secretario na embaixada en Chile cando estalou a guerra civil e volta a España ao caer Bilbao; despois exiliase en Francia, México, Cuba e Porto Rico. Francia concedeu-lle a Lexión de Honor.
  68. Chega á Habana o 01/01/1940, enferma e non atende os requirimentos para se reincorporar á universidade de Morelia. Durante 1940, María Zambrano imparte conferencias no Ateneo, Academia de Ciencias, Sociedad Hispano-Cubana de Cultura, etc. e asenta a súa amizade con Lezama Lima.
  69. Fill de María Correa, quen en Bos Aires levou unha boa relación con AR.
  70. A editorial Losada distribuía *Romance* en Arxentina e de MM reseña “Lo popular y lo plástico de mi obra” (*Romance* 11, 01/07/1940). Fundouna en 1940 o exiliado Giménez Siles, con J. Rejano (dir.) e Sánchez Barbudo, M. Prieto, Herrera Petere, Sánchez Vázquez e Lorenzo Varela na redacción; o seu despidido debeuse a diferenzas sobre a súa liña e rendibilidade. AR pertenceu ao seu consello asesor e escribiu nela.
  71. Fundou xornais como *El Universal* (1916), *El Globo* (1923) ou *El Día* (1933). Fulgencio Palavicini (1881-1952) desempeñou como Secretario de Instrución Pública e de embaixador en Italia, Inglaterra e Francia. Publicou obras de creación e ensaio (*Historia de la constitución*, 1938) e dirixiu *México. Historia de su evolución constructiva* (1941). Losada editoulle *El arte de amar y ser amado*.
  72. Viúda de Güiraldes e cuñada de Neruda. Despois de asistir en Calcuta ao Parlamento das Relixións (1938) instalouse en Bangolo. Volta á Arxentina en 1951.
  73. Ricardo Baeza (1890-1956), embaixador da II República en Chile, foi responsábel de *Prometeo* xunto con Gómez de la Serna, colaborador en *Revista de Occidente* e *Sur* e presidente da Alianza de Intelectuales Antifascistas. En Arxentina dedicouse a traducir e encargouse das coleccións “Clásicos Universales” e “Biografías” de EMECÉ. Entre 1947-49 traballou no departamento de publicacións da UNESCO.
  74. Na “Capilla Alfonsina” consérvase a postal de “Verbena de Outono” (1927).
  75. Delia del Carril (“la hormiguita”) era unha pintora chileno-arxentina moi adifeirada que traballou en prol da II República e viviu con Pablo Neruda entre 1934 e 1955.
  76. Debuxante salvadoreño que denunciou os prexuízos sociais e o nazismo, cun estilo debedor de G. Posadas e Grosz. Toño Salazar (1897-1986) e AR, íntimos



- amigos, coñecéronse en París no Instituto de Coope-  
ración Intelectual da Sociedade de Nacións. Ilustrou  
libros como *Coplas de Juan Panero* (1949) de Alberti  
ou *Sien de Alondra*, poemario de M. A. Asturias con  
limiar de AR, a quen caricaturizou e ilustrou varias  
obras.
77. Construído polo arquitecto Roberto Prentizo entre  
1916-20, no exterior inspírase nos castelos de Loira e  
no interior no estilo Luis XV e Luis XVI.
  78. Carta mal datada. MM escribiuna o 16/07/1941.
  79. O seu estado de ánimo xa antes era baixo. En *La  
Nación* de Santiago de Chile (07/03/1939), lese  
“No es raro que Maruja Mallo haya perdido la ale-  
gría”, e apostila que as matanzas da guerra civil e a  
sorte da maioría das súas amizades enchérona de tris-  
tura.
  80. En *Grafos* MM publicou “El proceso histórico de la  
forma en las artes plásticas” no número de novembro-  
decembro de 1937, no de maio-xuño de 1938 “Plástica  
escenográfica”, e “Lo popular en la plástica española  
a través de mi obra” no de xaneiro-febreiro de 1939.
  81. Secretario de Cárdenas, embaixador en Bos Ai-  
res a continuación de Palavicini (1942), e despois  
en Finlandia e Austria.
  82. MM, Concha Méndez, Margarita Manso, María Zam-  
brano e, en ocasións, Irene Falcón, paseaban sen som-  
breiro por Madrid, algo escandaloso en 1920-30 por  
ser unha peza de roupa de rigor para as señoritas da  
burguesía.
  83. Alfredo González Laraño (1886-1969), millonario,  
pintor e membro dos comités dos máis relevantes cer-  
tames oficiais, presidiu a comisión para a exposición  
de París 1937 e “Amigos del Arte”. Representou a Ar-  
xentina na bienal de Venecia (1924) e pertenceu aos  
grupos *Proa* e *Sur*.
  84. A pintora Margot Portela Parker (1902-1983), cando  
viviou en París (1953-67) acusou a pegada do informalismo,  
e relacionouse moito con Cortázar, Miguel A.  
Asturias, García Márquez, Malamud e A. Calveyra.
  85. Raúl González Tuñón (1905-1974) cultivou a poesía  
comprometida e a intimista. Foi colaborador en *Proa*  
e *Martín Fierro*, corresponsal na guerra civil espa-  
ñola, en Chile un dos fundadores de *El Globo* e, con  
Neruda, da Alianza de Escritores Antifascistas (1939).  
É autor de *La Rosa blindada* (1936), *La muerte en  
Madrid* (1939) e *Nuevos poemas de Juanito Cami-  
nador* (1941). Amparo Mon era curmán de Botana, o  
director de *Crítica*.
  86. M<sup>a</sup> Luisa Bombal (1910-1980), antecesora do realismo  
máxico por *La Última niebla* (1935) e *La Amorta-  
jada* (1938) viviu entre 1933-34 na casa de Neruda  
en Bos Aires, compartindo con el táboa de escribir e  
inquiétudes literarias e persoais. A súa difícil vida le-  
vouna ao cine Marcel Ferrari.
  87. Pablo Rojas Paz (1910-1980), director de *Proa* con  
Borges e Güiraldes, recibiu o Premio Nacional de  
Literatura por *El Patio de la Noche* (1940), que, con  
*Los Cocheros de S. Blas* (1950) o sitúan nun lugar  
destacado da narrativa arxentina. En *Crítica* asinou co  
pseudónimo “El negro de la tribuna” as súas literarias  
crónicas deportivas. Escribiu “Pinto desde que veo,  
dice Maruja Mallo, la singular artista gallega” (*Críti-  
ca* 17/02/1937) e “Maruja Mallo” (*Alfar* 77, Montevi-  
deo, 1937). Estaba casado con Sará Tounú, “a loira”,  
considerada a “musa” dos intelectuais de esquerdas.
  88. Margarita Nelken (1894-1968), en México, ergueu-  
se nun axente con peso para a canonización ou para  
a entrada dos artistas no sistema plástico. Escribiu  
“Exposición Maruja Mallo” (*Claridad*, Madrid,  
11/06/1936).
  89. O ensaísta Roger Callois (1913-78), partindo do espiri-  
tualismo e do surrealismo, evolucionou ata achegarse  
a Karl Popper. Refúxase en Bos Aires en 1939 e vincú-  
lase a *Sur*, e crea o Instituto Francés e *Lettres Francaï-  
ses*. Retornado a París (1945), mediante a colección  
“La Croix du Sud”, desenvolveu un labor crucial para  
dar a coñecer en Europa a Borges, Neruda, Cortázar,  
Carpentier... Escribiu *El mito y el hombre* (1938),  
*El hombre y lo sagrado* (1939), *Imposturas de la poe-  
sía* (1945).
  90. Alfonso Sayons (19??-1975), decorador e marchante  
cuxo nome real era Alfonso Saionz. Nos anos trinta  
participou en dous filmes arxentinos como escenógrafo  
e coguionista. Publicou *Oda y Poesía* (1941) na co-  
lección “El ciervo herido” de M. Atolaguirre, “Maruja  
Mallo y lo popular en la plástica española” (*Conducta  
al servicio del pueblo*, Bos Aires, setembro-outubro  
1939) e “Maruja Mallo en Nueva York” (*Para Ti*, Bos  
Aires, 14/12/1948).
  91. MM permaneceu ao lado de Ortega cando este era  
obxecto de fortes críticas polo seu comportamento,  
vinculación con sectores filo-fascistas e pola súa vi-  
sión da sociedade arxentina. Ortega e AR tiveron va-  
rios choques e arredor de 1949 romperon a súa rela-  
ción case por completo.
  92. Eduardo Maella (1903-1982) desligouse bastan-  
te do grupo *Sur* despois do seu desencontro con  
V. Ocampo. Entre 1931-55, ano en que o nomean  
embaixador ante a UNESCO, dirixiu o suplemento  
literario de *La Nación*. É autor de *Cuentos para una  
inglesa desesperada* (1926), *Historia de una pasión  
argentina* (1937) e de *Las Águilas* (1944).
  93. Empresario norteamericano acérrimo anticomunista  
e embaixador en Colombia (1939), Cuba (1942) e  
Argentina (1945), e despois Subsecretario de Esta-  
do para Asuntos en América Latina. Spruille Braden  
(1894-1978), na conferencia de paz para a guerra do  
Chaco, defendeu os intereses de EEUU por controlar  
os xacementos de cru desa zona, fronte os de Inglate-  
rra, a quen era máis proclive Saavedra Lamas.
  94. En 1945 o museo de Quinta Vergara de Viña del Mar  
mércale dous cadros e o Rosa Galisteo de Santa Fé  
entra en tratos con ela para adquirirlle unha testa de  
muller de 1941, que incorpora aos seus fondos en xa-  
neiro de 1946.

#### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALTAMIRANO, Carlos (dir.) (2010): *Historia de los intelectuales en América Latina II. Los avatares de la "ciudad letrada" en el siglo XX*. Bos Aires: Katz Editores.
- BOLÍVAR GOYANES, Antonio (coord.) (2006): *Científicos y humanistas del exilio español en México*. México: Academia Mexicana de Ciencias.
- ENRÍQUEZ PEREA, Alberto (comp.) (1999): *Testimonios de una amistad. Correspondencia. Alfonso Reyes-Daniel Cosío Villegas*. México: FCE, El Colegio de México, UAM.
- (comp.) (2001): *Inteligencia española en México: correspondencia Alfonso Reyes-Gustavo Baz (1939-1958)*. Madrid / México: Fundación Histórica Tavera / El Colegio de México.
- (comp.) (2012): *Alfonso Reyes. Diario. Tomo IV*. México: FCE, Colegio de México, UAM.
- GARCÍA, Carlos (ed.) (2005): *Alfonso Reyes-Guillermo de Torre. Las letras y la amistad. Correspondencia*. Valencia: Ed. Pre-Textos.
- GRANADOS, Aimer (2012): "Alfonso Reyes en Sur América. Diplomacia y campo intelectual en América Latina, 1927-1939". *Historia y Espacio* 38, pp. 11-27.
- HORAN, Elizabeth / Doris MEYERS (comp. e prol.) (2007): *Gabriela Mistral y Victoria Ocampo. Esta América Nuestra. Correspondencia 1926-1956*. Buenos Aires: Ed. Cuenco de Plata.
- LAFLEUR PROVENZANO, Alonso (2006): *Revistas literarias argentinas (1893-1967)*. Buenos Aires: El 8vo. Loco.
- LARA, Juan Jacobo de (comp.) (1983): *Pedro Enríquez Ureña y Alfonso Reyes. Epistolario Íntimo (1906-1946)*. Santo Domingo: Ed. Universidad Nacional.
- LOSADA, Leandro (2009): *Las élites en la Argentina. Desde la conquista hasta el surgimiento del Peronismo*. Buenos Aires: Ed. Sudamericana.
- MALLO, Maruja (1936): "La Plástica", *U.O. Revista de Cultura Moderna* (México, agosto-setembro).
- MATEOS, Abdón / Andrés SÁNCHEZ (eds.) (2011): *Ruptura y transición. España y México 1939*. Madrid: Ed. Eneida.
- MOREIRO, José Antonio (2009): "Repertorios epistolares de Agustín Millares Carlo desde el exilio", *Anuario de Estudios Atlánticos* 55, pp. 483-516.
- PAGNI, Andrea (ed.) (2011): *El exilio republicano español en México y Argentina*. Iberoamericana/Vervuert: Frankfurt am Main.
- PEREA, Hector (ed.) (1983): *Alfonso Reyes-Victoria Ocampo. Cartas hechas. Correspondencia 1927-1959*. México: Ed. Universidad Autónoma Metropolitana.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> Antonia (ed.) (2005): *Lorenzo Varela en Revistas Culturales de México e Bos Aires*. Taller, Romance, Letras de México, De Mar a Mar, Correo Literario, Cabalgata, Sur. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2013): "Análise da correspondencia entre Maruja Mallo e Alfonso Reyes (1938-1945)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, pp. 73-86.
- RUEDAS DE LA SERNA, Jorge (ed.) (2011): *Alfonso Reyes. Diario III 1930-1936*. México: FCE.
- [s. a.] (1939): "Cinco minutos con Maruja Mallo, la pintora de "verbenas" de otra época", *La Nación*, Santiago de Chile (07/03/1939).
- SCHNEIDER, Luis Mario (1998): *García Lorca y México*. México: Ed. Universidad Autónoma de México.
- SHERIDAN, Guillermo (2002): "Refugachos, escenas del exilio español en México". *Letras libres* (xuíño): <http://www.letraslibres.com/index.php.art>.
- VARGAS SAAVEDRA, Luis (ed.) (1991): *Tan de Usted. Epistolario de Gabriela Mistral con Alfonso Reyes*. Santiago de Chile: Ed. Hachette-Universidad Católica.
- ZAITZEFF, Serge Ivan (2008): *20 epistolarios rioplatenses de Alfonso Reyes*. México: El Colegio Nacional.
- ZELAYA KOLKER, Marielena (1985): *Testimonios americanos de escritores españoles transterrados de 1939*. Barcelona: Ed. Anthropos.